
CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	6
<i>Prácticas remuneradas</i>	6
<i>Emprego</i>	6
<i>Financiamento</i>	7
Participación dos cidadáns	9
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	9
Actos xurídicos	10
<i>Actos lexislativos</i>	10
<i>Outros actos</i>	10
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	11
Procesos por infracción contra España	12
Estatísticas do Eurostat	14
<i>Indicadores económicos</i>	14
<i>Outros datos</i>	14
Sondaxes do Eurobarómetro	17
Suxestións bibliográficas	20
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	20
<i>Outras obras</i>	21

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra.

ACTUALIDADE

Acordo comercial provisorio cos EUA

A presidenta da Comisión, a conservadora alemá Ursula von der Leyen, e o presidente dos EUA, o republicano Donald Trump, atinxiron un acordo provisorio para que os EUA impoñan unha tarifa de 15 % sobre a maioría das importacións procedentes da UE. A xefa do executivo comunitario alemá asegurou, no entanto, que os EUA e a UE concordaron en impor tarifas cero reciprocamente sobre «varios produtos estratéxicos», entre eles, en principio, «todas as aeronaves e os seus compoñentes, certos produtos químicos, certos produtos xenéricos, equipamentos semicondutores, certos produtos agrícolas, recursos naturais e materias primas críticas». Cando as negociacións formais conclúiren, o acordo debe ser ratificado polo Consello da UE, polo Parlamento da UE e, se for o caso, polos parlamentos dos estados membros.

Comunicado de prensa sobre o acordo [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no *The Guardian*](#) e [no *Politico*](#) (en inglés), [no *Le Monde*](#) (en francés), [na *BBC*](#), [no *EuroEFE*](#) e [no *Euractiv*](#).

Opinión sobre o acordo [no *Le Monde*](#) (en francés).

Guerra comercial coa China

O goberno chinés anunciou tarifas *antidumping* de até 34,9 % sobre as importacións de coñac da UE durante cinco anos, con exención só para os grandes produtores de coñac que xa comezaron a aumentar os seus prezos. A medida xurdiu após unha investigación iniciada polas autoridades chinesas en represalia ás tarifas da UE sobre os vehículos eléctricos chineses. Alén diso, a China anunciou que vai prohibir ás empresas da UE participaren en concursos públicos para dispositivos médicos avaliados en máis de 5,3 millóns de euros, en resposta á decisión de Bruxelas de prohibir a participación das empresas en concursos similares.

Máis información sobre o coñac [no *Euractiv*](#).

Máis información sobre os dispositivos médicos [no *Le Monde*](#) (en francés) e [no *EuroEFE*](#).

Moción de censura fracasada contra a presidenta da Comisión

A presidenta da Comisión Europea, a conservadora alemá Ursula von der Leyen, superou unha moción de censura que fora presentada pola extrema dereita no Parlamento da UE e que, na teoría, podía derrubar a actual Comisión. No plenario de Estrasburgo, dos eurodeputados que votaron, 360 fixérono contra a iniciativa, 175 a favor e 18 abstivéronse, o que significa que a moción ficou moi lonxe do mínimo de dous terzos (480) exixido. O texto da proposta criticaba a forma como Von der Leyen lidou cos fondos de recuperación da COVID-19, a súa decisión de contornar o escrutinio do Parlamento da UE sobre o novo programa de empréstitos para defensa da UE (SA-FE) e a súa implicación no escándalo do contrato de vacinas — o denominado «Pfizergate» — durante a pandemia.

Máis información [na *BBC*](#) e [no *The Guardian*](#) (en inglés), [no *Le Monde*](#) (en francés) e [no *Euractiv*](#).

Proposta de orzamento 2028-2034

A Comisión presentou a súa proposta do Cadro Financeiro Plurianual para o período 2028-2034. Este cadro, de máis de 1,8 billóns de euros, aspira a dotar a UE dun orzamento de investimento a longo prazo que corresponda ás súas ambicións de se tornar unha sociedade e unha economía independentes, prósperas, seguras e puxantes ao longo da próxima década. A proposta inclúe a redución e fusión nun novo Fondo para a Competitividade dos actuais fondos da Política de Cohesión (Feder, Fondo Social Europeo e Fondo de Cohesión), que pasarían a estar centralizados nas capitais dos estados membros, dos fondos da actual Política Agraria Común (PAC, incluíndo o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca e a Acuicultura) e dos fondos destinadas á migración e a xestión de fronteiras. Por outro lado, Bruxelas propón un Fondo de Competitividade dotado de 410.000 millóns de euros para impulsar sectores estratéxicos, dos cales case un terzo, 131.000 millóns, serían destinados á defensa. Alén diso, a proposta elimina o programa ambiental LIFE e os fondos reservados para a restauración da biodiversidade. O novo orzamento **debe ser aprobado** polo Consello da UE, onde todos os ministros dos estados membros deben aceptalo, e polo Parlamento da UE.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información [no Politico](#) (en inglés), [no EuroEFE](#) e [no Euractiv](#).

Sancións contra Rusia

Após vencer as resistencias de Eslovaquia, os estados membros da UE, reunidos no Consello, adoptaron o 18.º paquete de medidas restritivas económicas e individuais contra Rusia, que impactan significativamente os seus sectores enerxético, bancario e militar, alén do seu comercio coa UE, e garanten a rendición de contas pola guerra de agresión de Rusia contra a Ucraína. O Consello complementou o paquete con novas medidas contra Bielorrusia.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no Politico](#) (en inglés) e [no EuroEFE](#).

Relatorio sobre o estado de dereito

A Comisión publicou o seu sexto Relatorio Anual sobre o Estado de Dereito, que analiza a evolución do estado de dereito en todos os estados membros. O documento confirma que moitos estados membros manteñen unha traxectoria positiva, con reformas importantes aplicadas nas catro áreas principais abranguidas polo relatorio: xustiza, combate á corrupción, liberdade de prensa, e controis e equilibrios institucionais. Aínda que persistan desafíos nalgúns estados e, nalgúns casos, a situación sexa grave, o compromiso xeral co proceso continúa a ser forte, e os estados membros deron seguimento — total ou parcial — a un número substancial das recomendacións de 2024.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no Politico](#).

Recurso sobre a pesca

O goberno español anunciou que recorrería no Tribunal de Xustiza comunitario a sentenza do Tribunal Xeral que rexeitou varios recursos interpostos por España e polo sector da pesca contra a designación pola Comisión de zonas fechadas á pesca no Atlántico. A resolución do Tribunal Xeral apoiou a Comisión e mantivo o regulamento de 2022, que designou 87 áreas que debían ser

protexidas en España e noutros estados, considerando que existen, ou é probable que existan, ecosistemas mariños vulnerables, o cal afectou, entre outras, as capturas de pescada.

Máis información [no EuroEFE](#) e [no La Voz de Galicia](#).

Pagamento do fondo de recuperación a España

A Comisión deu luz verde ao desembolso do quinto pagamento do fondo de recuperación a España, cuxo valor foi reducido en aproximadamente 1.100 millóns de euros por incumprimento de tres compromisos do plano. O executivo da UE deduciu aproximadamente 460 millóns de euros porque España non aprobou o imposto sobre o gasóleo e outros 40 millóns por non cumprir outro marco relacionado coa dixitalización das autoridades locais e rexionais. Tamén reduciu o desembolso en 627 millóns de euros ao considerar insuficientes as medidas adoptadas por España para reducir o emprego temporal no sector público á luz de dúas decisións do Tribunal de Xustiza da UE. Así, este desembolso ascenderá a 22.926 mil millóns de euros: 6.991 millóns de euros en axudas directas e 15.935 millóns en empréstitos.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no EuroEFE](#).

Lei de accesibilidade

Entrou en vigor a [Directiva 2019/882](#) sobre accesibilidade. Iso significa que os produtos e servizos esenciais — como móbiles, computadores, lectores de *e-books*, servizos bancarios e comunicacións electrónicas — deberán ser accesibles a persoas con discapacidades. A norma establece requisitos comúns de accesibilidade en toda a UE para determinados produtos e servizos, desde tamaños de letra adecuados a capacidades de conversión de texto en voz en terminais de pagamento de autoservizo, lectores de *e-books* e *smartphones*, entre outros.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

Aplicación para verificar a maioría de idade en liña

Entre unha serie de medidas para protexer os menores en liña, a Comisión presentou o prototipo dunha aplicación móbil que permitirá aos cidadáns verificar se teñen máis de 18 anos cando utilizan as redes sociais e navegan na internet. No entanto, a súa utilización non será obrigatoria para as grandes plataformas. Especificamente, a aplicación poderá ser usada en España, Francia, Italia, Grecia e Dinamarca, estados que colaboraron coa Comisión nun programa piloto. Permitirá que os usuarios poidan verificar a súa idade — por exemplo, ao accederen a contidos restrinxidos para adultos — sen teren que mostrar o seu documento de identidade ou revelar a súa idade exacta, protexendo así a súa privacidade. A aplicación é de código aberto mais dependerá, para a verificación, de ferramentas propietarias da Google e da Apple, integradas no Android e iOS, respectivamente.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Páxina da aplicación [no Github](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

Corea do Sur no programa Horizonte

A República de Corea tornouse oficialmente o primeiro estado asiático asociado ao Horizonte Europa, o programa de investigación e innovación da UE no cal xa viña participando de maneira provisoria. Os investigadores e as organizacións coreanas poden agora participar en diversas áreas do programa en igualdade de condicións cos estados membros da UE. Poderán xuntarse e liderar consorcios internacionais de investigación, acceder a financiamento e colaborar con institucións de investigación líderes en toda a UE e noutros estados para encarar desafíos globais. A República de Corea tamén contribuirá financeiramente ao orzamento do programa.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Adiamento da norma sobre pilas e baterías

O Consello adoptou un regulamento para simplificar as regras da UE no sector das baterías, adiando a data de implementación das correspondentes obrigacións de dilixencia debida en dous anos, até 18 de agosto de 2027, a fin de dar aos produtores e exportadores de baterías máis tempo para se prepararen. O novo regulamento forma parte do chamado paquete «Ómnibus IV». Os paquetes Ómnibus forman parte dos esforzos máis xerais da UE para apoiar a competitividade industrial, reducindo a complexidade regulamentaria.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Asilo, refuxio e inmigración

Os ministros dos estados membros, reunidos no Consello, adoptaron [un regulamento](#) que permitirá a implementación gradual do novo Sistema dixital de Entradas e Saídas (SES) para a xestión das fronteiras ao longo dun período de seis meses. Espérase que o SES aumente a eficacia e a eficiencia dos controis nas fronteiras externas da UE. O novo sistema rexistrará dixitalmente as entradas e saídas, os datos do pasaporte, as impresións dixitais e as imaxes faciais de nacionais de países terceiros que viaxen para estadias curtas nun estado membro da UE. • A axencia europea de vixilancia das fronteiras, Frontex, recolleu datos persoais durante anos a través de interrogatorios secretos de persoas que entraban na UE, sen as salvagardas legais básicas. Entre 2016 e 2023, a axencia entregou ilegalmente os datos de máis de 13.000 persoas á Europol, a axencia de seguranza pública da UE. Aí, os datos foron almacenados en ficheiros de intelixencia criminal para utilización en investigacións policiais nos estados membros.

Comunicado de prensa sobre o novo regulamento [no sitio do Consello](#).

Máis información sobre a recolla de datos persoais pola Frontex [no El País](#).

Adopción do euro en Bulgaria

A UE deu luz verde a Bulgaria para adoptar o euro a partir de 1 de xaneiro de 2026, tornándose o 21.º estado membro da eurozona. Os ministros da Economía e as Finanzas de todos os estados membros reunidos no Consello da UE, o Parlamento da UE, O Banco Central Europeo e o Eurogrupo (os estados membros coa moeda única) apoiaron a medida despois de constataren que Bulgaria, que entrou na UE en 2010, cumprira os requisitos. A taxa de conversión entre o euro e o lev búlgaro fica en 1,95583 lev por cada euro.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no Le Monde](#) (en francés) e [no Euractiv](#).

Estratexia de tecnoloxía cuántica

A Comisión presentou a Estratexia Cuántica para tornar a UE na líder mundial en computación cuántica en 2030. A estratexia aspira a promover un ecosistema cuántico resiliente e independente, impulsar o crecemento das *start-ups* e transformar os adiantos científicos en aplicacións prontas para o mercado, mantendo o liderado científico da Europa. A estratexia céntrase en cinco áreas: investigación e innovación, infraestruturas cuánticas, reforzo de ecosistemas, tecnoloxías espaciais e de dupla utilización e capacidades cuánticas.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Investimento en transporte sustentable

A Comisión seleccionou 94 proxectos de transportes para recibiren case 2.800 millóns de euros en subvencións da UE ao abrigo do Mecanismo Conectar Europa. Ao modernizaren os ferrocarrís, as vías navegables interiores e as rutas de navegación a través da Rede Transeuropea de Transportes, os proxectos non só pretenden ligar mellor as rexións e cidades da UE de norte a sur e de leste a oeste; tamén aspiran a tornar o mercado interno da UE máis competitivo e resiliente. O transporte ferroviario recibirá a maior parte do financiamento, 77 % do total. A UE tamén inviste en varios proxectos para reducir o impacto ambiental do transporte marítimo e por vías navegables interiores. En Francia e España serán aplicados sistemas dixitais de xestión do tráfico para mellorar a seguranza e a eficiencia do transporte marítimo de curta distancia e reducir o conxestionamento.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Acceso de investigadores a datos

No ámbito do Regulamento dos Servizos Dixitais, a Comisión concedeu aos investigadores autorizados o acceso aos datos internos de plataformas e motores de busca en liña de moi gran tamaño na UE. Estas regras permitirán investigacións independentes sobre riscos sistémicos e medidas de mitigación para plataformas e motores de busca en liña de moi gran tamaño. A Comisión esclareceu a forma como as plataformas e motores de busca en liña de moi gran tamaño deben partillar os seus datos cos investigadores autorizados, detallando os requisitos legais e técnicos para ese acceso. Estableceu tamén un novo [portal de acceso en liña aos datos do Regulamento dos Servizos Dixitais](#), para que os investigadores encontren información e se comuniquen con estas plataformas e motores de busca, autoridades dos estados e [coordinadores de servizos dixitais](#).

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Propaganda política nas redes sociais

A empresa estadounidense Meta anunciou que, nos próximos meses, vai deixar de emitir anuncios políticos, electorais e sociais na UE, de acordo coas novas normas comunitarias de publicidade. A xigante das redes sociais, propietaria do Instagram, o Facebook e o Threads, vai deixar de permitir os anuncios de pagamento deste tipo a partir de 10 de outubro.

Máis información [no Euractiv](#) (en inglés) e [no EuroEFE](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, a través de [Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.
- [Comisión Europea](#). Prazo até 29 de agosto.
- [Tribunal de Xustiza da UE](#). Prazo até 15 de setembro.
- [Consello da UE](#). Prazo de 20 de agosto a 24 de setembro.
- [Comité Económico e Social](#). Prazo até 30 de setembro.
- [Comité das Rexións](#). Prazo até 30 de setembro.

Emprego

Procesos de selección de persoal contratado (CAST permanente)

- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado \(CAST permanente\)](#). Sen prazo.

Procesos de selección para outros empregos

- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal na Comisión](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en diferentes institucións e organismos da UE](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en axencias da UE](#). Varios prazos.
- [Outros procesos de selección da EPSO](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión \(Joint Research Centre, JRC\)](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess](#). Varios prazos.

Financiamento

Relacións externas

- Apoio á sociedade civil en Uzbekistán. Prazo até 22 de agosto.
- Marco regulamentario que regula a agricultura ecolóxica en Alxeria. Prazo até 30 de setembro.
- Acción Externa da UE. África do Sur. Prazo até 30 de setembro.

Investigación e innovación

- Exploracións urbanísticas mediante experimentos naturais. Prazo até 29 de agosto.
- Cross-KIC Global Outreach. Prazo até 4 de setembro.
- EIT Master School and Fellowship Open Call 2026. Prazo até 10 de setembro.
- Convocatoria aberta de educación RIS 2026. Prazo até 10 de setembro.
- Cooperación co Xapón. Prazo até 15 de setembro.
- Módulos de mestrado e doutoramento do IET 2025. Prazo até 30 de setembro.
- AfriFOODlinks. Prazo até 30 de setembro.
- Escola Internacional de Verán de Computación de Alto Rendemento. Prazo até 2 de outubro.
- Participación cidadá na restauración forestal. Prazo até 12 de outubro.
- Infraestrutura Europea de Comunicación Cuántica. Prazo até 16 de outubro.
- Subvencións CEI de sinerxia. Prazo até 5 de novembro.
- Mobilidade Urbana Explicada. Prazo até 12 de febreiro de 2026.

Mercado único e concorrència

- Alimentación sustentable e turismo. Prazo até 2 de setembro.
- Premios POLREC. Prazo até 25 de setembro.

Sociedade dixital

- Países seleccionados #Code4Europe. Prazo até 7 de setembro.
- Convocatoria #1 AID4SME. Prazo até 11 de setembro.
- Desenvolvemento prototipos de chips de IA. Prazo até 17 de setembro.
- TestCert-SK. Prazo até 30 de setembro.
- Oferta de prácticas da Universidade Técnica do Medio Oriente. Prazo até 2 de outubro.
- Xémeos dixitais para infraestruturas complexas e ecosistemas urbanos. Prazo até 31 de outubro.

- Coordinar as actividades de I+I do Xapón e a UE en semicondutores. Prazo até 17 de novembro.
- Acelerador sustentable aberto a todas as partes europeas interesadas. Prazo até 20 de novembro.

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

- Actividades de concienciación en materia de propiedade intelectual. Prazo até 10 de setembro.

Cultura

- European Media Hubs. Prazo até 29 de setembro.

Cidadáns

- Fundacións Políticas Europeas 2025. Prazo até 30 de setembro.
- Partidos Políticos europeos 2025. Prazo até 30 de setembro.
- SPLOT wartosci 2.0. Prazo até 28 de agosto.

Institucións, organismos e axencias da UE

- Melloramento dos métodos de análise de datos científicos. Prazo até 2 de outubro.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Consultas públicas aos cidadáns

Investigación e innovación

- Lei Europea de Innovación. Prazo até 8 de xullo.

Ambiente, enerxía e transporte

- Mecanismo de Axuste de Fronteiras de Carbono (CBAM): Extensión a produtos procesados, medidas anti-evasión e normas de emisións de electricidade. Prazo até 26 de agosto.
- Revisión das normas de emisións de CO₂ para automóbiles e furgonetas. Prazo até 10 de outubro.
- Revisión das regras da UE sobre a rotulaxe dos automóbiles. Prazo até 10 de outubro.
- Inclusión de determinados residuos na lista verde para a transferencia con vista á súa valorización entre estados membros. Prazo até 31 de outubro.

Sociedade dixital

- Action plan against cyberbullying. Prazo até 29 de setembro.

Xustiza e dereitos humanos

- 28.º réxime: Un conxunto único e harmonizado de regras para as empresas innovadoras en toda a UE. Prazo até 30 de setembro.

Concorrenza

- Normas de procedemento da UE en materia de defensa da concorrencia (revisión). Prazo até 2 de outubro.
- Subsidios estatais. Prazo até 6 de outubro.

Consumo

- Lei de Equidade Dixital. Prazo até 9 de outubro.

Fiscalidade

- Paquete sobre o IVA no sector das viaxes e o turismo. Prazo até 16 de outubro.

Emprego e asuntos sociais

- Plano europeo de vivenda accesible. Prazo até 17 de outubro.
- Estratexia da UE de loita contra a pobreza. Prazo até 24 de outubro.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2025/1534 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2025, sobre a entrada en funcionamento progresiva do Sistema de Entradas e Saídas.
- Regulamento (UE) 2025/1520 do Banco Central Europeo, de 15 de xullo de 2025, sobre o exercicio das opcións e facultades que ofrece o dereito da UE.
- Directiva (UE) 2025/1539 do Consello, de 18 de xullo de 2025, sobre as normas do IVA relativas aos suxeitos pasivos que facilitan as vendas á distancia de bens importados e á aplicación do réxime especial para as vendas á distancia de bens importados de terceiros territorios ou terceiros países e do réxime especial para a declaración e liquidación do IVA sobre as importacións.
- Directiva (UE) 2025/1442 da Comisión, de 18 de xullo de 2025, sobre as obrigacións de información.
- Decisión (UE) 2025/1540 do Consello, de 18 de xullo de 2025, sobre as normas de seguranza para a protección da información clasificada da UE.

Outros actos

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Un orzamento da UE dinámico para as prioridades futuras: O cadro financeiro plurianual 2028-2034.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Relatorio sobre o estado de dereito de 2025: Situación do estado de dereito na UE.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Estratexia de constitución de reservas da UE: Reforzar a preparación material da UE para as crises.
- COMUNICACIÓN CONXUNTA AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO A abordaxe estratéxica da UE á rexión do Mar Negro.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Protección internacional

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-610/23](#), resolveu que a lexislación grega que obriga un solicitante de protección internacional a comparecer persoalmente na audiencia para analizar o seu recurso e que prevé a presunción de que o recurso foi interposto indebidamente en caso de incumprimento desa obriga é contraria ao dereito da UE.

[Resumo da sentenza](#) (en inglés).

Consumo

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-582/23](#), resolveu, sobre un consumidor concursado, que o tribunal do concurso debe poder examinar de oficio o carácter potencialmente abusivo das cláusulas contractuais. Este exame pode ser efectuado independentemente do feito de a lista de créditos ser aprobada e ser vinculante.

[Resumo da sentenza](#).

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Mercado interno

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2021)4052] solicitándolle que respecte as normas da UE en materia de contratación pública, nomeadamente a respecto dos contratos de concesión. España ampliou a duración das concesións das autoestradas AP-9 e AP-66 a vinte e cinco e vinte e nove anos, respectivamente, e máis adiante vendeu as dúas empresas concesionarias sen iniciar procedementos de licitación previos nin publicar un anuncio a nivel da UE. En virtude da [Directiva 93/37/CEE](#) (aplicable naquel momento) e dos principios de igualdade de tratamento e transparencia que subxacen ás normas da UE en materia de contratación pública, estas ampliacións constitúen modificacións substanciais equivalentes á adxudicación de novos contratos de concesión e, por tanto, requiren un procedemento de licitación. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

Servizos financeiros

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envía dunha carta de emprazamento a España [INFR(2025)2121] por incumprir o Regulamento sobre o Mecanismo Único de Supervisión [[Regulamento \(UE\) n.º 1024/2013 do Consello](#)] e a Directiva sobre requisitos de capital ([Directiva 2013/36/UE](#)), alén dos artigos 49 e 63 do [Tratado de Funcionamento da UE](#). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envía dunha carta de emprazamento a España España [INFR(2025)2079] por non traspasar as modificacións da cuarta Directiva contra o branqueamento de capitais [[Directiva \(UE\) 2015/849](#)] introducidas polo Regulamento relativo ás transferencias de fondos [[Regulamento \(UE\) 2023/1113](#)] e por non notificar á Comisión as normas sobre sancións administrativas e outras medidas aplicables ás infraccións do Regulamento. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR (2025) 0051] por non traspasar plenamente a Directiva sobre as Cadeas de Filiais II [[Directiva \(UE\) 2024/1174](#)]. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

Fiscalidade

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2024)0048] por non adaptar o seu dereito ás disposicións obrigatorias da [Directiva 2022/542](#) sobre os tipos do IVA. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2025)0047] por non adaptar o seu dereito ás modificacións introducidas pola [Directiva 2020/285](#) sobre o réxime espe-

cial para as pequenas empresas. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

Asuntos do Interior

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2024)0271] por non notificar as medidas que traspón a Directiva relativa á resiliencia das entidades críticas [[Directiva \(UE\) 2022/2557](#), Directiva REC]. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

Enerxía e clima

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envía dunha carta de emprazamento a España [INFR(2025)2118] por infrinxir o [Regulamento \(UE\) 2024/1787](#), sobre o metano, ao non designar unha autoridade competente responsable de supervisar o seguimento da aplicación das normas e de exixir o seu cumprimento, nin comunicalo á Comisión. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Consumo familiar real per cápita.
- Déficit público axustado estacionalmente.
- Débeda pública na eurozona.
- Produción na construción.
- Inflación anual na eurozona.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Produción industrial.
- Produción nos servizos.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.
- Prezos da vivenda na eurozona.
- Superávit en conta corrente da UE.
- Taxa de aforro das familias na eurozona.
- Desemprego na eurozona.

Outros datos

- Percepción de discriminación.
- Destino dos aparellos electrónicos vellos.
- Usos de enerxía na industria.
- Produción industrial (1).
- Produción industrial (2).
- Emprego a tempo parcial.
- Ingresos fiscais ambientais.
- Situación líquida das administracións públicas.
- Prestacións familiares.
- Estatísticas básicas.

- Datos chave da UE.
- Duración da vida laboral.
- Peticións de asilo.
- Uso enerxético nos servizos.
- Valor acrescentado da industria automobilística.
- Uso da internet.
- Camas de hospital.
- Capacidade de gozar de vacacións fóra de casa.
- Idiomas no ensino secundario superior.
- Incremento da poboación.
- Usos culturais da internet.
- Protección temporal.
- Transporte de mercadorías por estrada.
- Disparidades de xénero en empregos culturais.
- Especialistas en TIC.
- Concentración na industria.
- Comercio de servizos profesionais e de xestión.
- Lares con crianzas.
- Prezos da vivenda e do aluguer.
- Uso de fertilizantes minerais.
- Vendas de vivendas.
- Datos chave sobre o sistema de Dublín.
- Flutuacións dos prezos ao consumidor nos servizos de transporte.
- Gasto público en educación.
- Producción e consumo de carbón.
- Progreso para as metas de desenvolvemento sustentable.
- Pernoitas reservadas a través de plataformas en liña.
- Abastecemento de enerxías renovables.
- Devolucións a terceiros estados.
- Mortes ligadas a doenzas evitables.

- Importacións de gas e petróleo.
- Poboación pecuaria.
- Uso de enerxía das familias.
- Comercio internacional (intra e extracomunitario) das empresas.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

Mudanza climática

A gran maioría dos cidadáns da UE continúa a encarar as alteracións climáticas como unha grave ameaza global, con 85 % das persoas consultadas a identificalas como un problema grave. O apoio á política climática da UE mantense forte: 81 % apoian o obxectivo da UE de neutralidade climática en 2050. Unha porcentaxe crecente de persoas (38 %) refire tamén sentirse persoalmente exposta a riscos ambientais e climáticos. Os cidadáns consideran a acción climática non só necesaria, senón tamén benéfica, tanto a nivel económico como social. Máis de tres cuartos (77 %) concordan que o custo dos danos causados polas alteracións climáticas supera o custo da transición para unha economía climaticamente neutra, en canto 88 % apoian un maior investimento en enerxías renovables e eficiencia enerxética.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Percepción entre o público en xeral da independencia dos sistemas xudiciais nos estados da UE e en estados candidatos seleccionados

54 % dos cidadáns da UE clasifican o sistema xudicial no seu estado – en termos de independencia dos tribunais e dos xuíces – como bo. Máis de tres cuartos das persoas consultadas que clasifican o sistema xudicial no seu país como bo afirman que a súa avaliación positiva se explica polo feito de o estatuto e a posición dos xuíces garantiren suficientemente a súa independencia. Nos catro países candidatos consultados nesta sondaxe, a porcentaxe de persoas que clasifica o seu sistema xudicial como bo en termos de independencia dos tribunais e xuíces é inferior á media da UE: 47 % en Albania, 30 % en Serbia, 28 % en Macedonia do Norte e 26 % en Montenegro. Cando se comunican cos tribunais no ámbito de procesos xudiciais, 47 % dos cidadáns prefiren facelo por medios electrónicos, en canto 44 % prefiren comunicarse en papel.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Percepción entre as empresas da independencia dos sistemas xudiciais nos estados da UE e en estados candidatos seleccionados

52 % das empresas da UE clasifican o sistema xudicial no seu estado – en termos de independencia dos tribunais e dos xuíces – como (moi ou razoablemente) bo, en canto 34 % afirman que a independencia dos tribunais e dos xuíces é (razoablemente ou moi) má. Oito de cada dez empresas que clasifican o sistema xudicial no seu país como bo afirman que a súa clasificación positiva se explica polo feito de o estatuto e a posición dos xuíces garantiren suficientemente a súa independencia. Nos catro países candidatos nesta sondaxe, a porcentaxe de empresas que clasifica o seu sistema xudicial como bo en termos de independencia dos tribunais e xuíces é inferior á media da UE: 40 % en Albania, 36 % en Serbia, 35 % en Montenegro e 26 % en Macedonia do Norte. A maioría das empresas da UE clasifica a independencia da autoridade estatal da concorrencia como moi boa (10 %) ou razoablemente boa (52 %) e unha proporción semellante clasifica a independencia do organismo de fiscalización da contratación pública como moi boa (7 %) ou razoablemente boa (52 %).

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Start-ups, scale-ups e emprendemento

Este estudo reuniu información de máis de 17.000 empresas, incluíndo 13.000 na UE-27 (das cales 5 % se identificaron como *start-ups* e 18 % como *scale-ups*) e destaca a forte ambición das pequenas e medianas empresas (peme) e os desafíos persistentes para o seu crecemento. A complexidade regulamentaria continúa a ser a principal preocupación. A pesar diso, as perspectivas de crecemento das peme son amplamente positivas, con case metade das peme a reportar un aumento do volume de negocios e do emprego desde 2021. As barreiras á expansión transfronteiriza persisten, sendo as máis importantes as regras e autorizacións de tributación/IVA. A pesar destes desafíos, o estudo revela un panorama de peme resiliente, con visión de futuro e cun potencial significativo sen explotar.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Sensibilización e percepción dos cidadáns sobre a política rexional da UE

79 % dos cidadáns da UE que coñecen os proxectos financiados pola UE consideran que estes teñen un impacto positivo na súa rexión ou cidade. 57 % afirmaron que os proxectos financiados pola UE na súa área contribuíron «de certa forma ou en gran medida» ao seu sentimento de seren cidadáns da UE. A porcentaxe de persoas consultadas que coñecen proxectos cofinanciados pola UE tense mantido estable nun 40 % desde 2019. 64 % afirman que a UE debe investir en todas as súas rexións, e non só nas rexións máis pobres. A principal prioridade de investimento referida polos cidadáns son as rexións con elevada taxa de desemprego (63 %).

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Actitudes dos cidadáns en relación á corrupción na UE en 2025

Este inquérito foi concibido para explorar o nivel de corrupción percibido e vivido polos cidadáns da UE. Foi realizado dez veces desde a súa primeira edición, en 2005. Abrangue as seguintes áreas: percepcións xerais sobre a corrupción, incluíndo a súa aceptabilidade, a súa extensión percibida e as mudanzas percibidas na súa incidencia os últimos anos; actitudes detalladas en relación á corrupción nas institucións públicas e nas empresas, e a eficacia do goberno, do sistema xudicial e das institucións na loita contra a corrupción; experiencia persoal de suborno e incidencia de corrupción no contacto con institucións; corrupción no lugar de traballo; se a corrupción foi denunciada, coñecemento de onde denunciar a corrupción e o nivel de confianza nas diversas autoridades para lidar con ela. Os motivos para non denunciar a corrupción tamén son tidos en conta.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Actitudes das empresas en relación á corrupción na UE e en estados candidatos seleccionados

63 % das empresas acollidas na UE consideran que o problema da corrupción está «moi» ou «razoablemente espallado» no seu país, en canto as taxas nos estados candidatos varían entre 79 % das empresas en Montenegro, que consideran o problema da corrupción xeneralizado no seu país, e 91 % en Macedonia do Norte. 47 % das empresas con sede na UE afirman que a práctica corrupta máis espallada no seu país é o favorecemento de amigos e/ou familiares nos negocios e 46 % afirman o mesmo sobre o favorecemento de amigos e/ou familiares en institucións públicas. 64 % discordan que exista transparencia e supervisión suficientes do financiamento de partidos políti-

cos no seu país, en canto 56 % discordan que persoas e empresas sorprendidas a subornar un alto funcionario sexan debidamente castigadas no seu país. 53 % discordan que as medidas contra a corrupción sexan aplicadas de forma imparcial e sen segundas intencións no seu país. En contrapartida, porcentaxes case iguais concordan (43 %) e discordan (45 %) que persoas e empresas sorprendidas en pequenos actos de corrupción sexan debidamente castigadas no seu país.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Actitudes dos cidadáns en relación á corrupción en estados candidatos seleccionados

58 % dos cidadáns dos estados dos Balcáns Occidentais consideran que a corrupción está «moi xeneralizada» e 28 % que está «razoablemente xeneralizada» no seu país. 39 %, de media, «concordan totalmente» ou «tenden a concordar» que son persoalmente afectados pola corrupción na súa vida cotiá. 82 % «concordan totalmente» ou «tenden a concordar» que existe corrupción nas institucións públicas locais ou rexionais. 78 % concordan que existe corrupción nas institucións públicas estatais. 81 % concorda que o suborno ou o recurso a contactos son a forma común de obter un cargo na administración pública e a mesma porcentaxe concorda tamén que os nomeamentos para cargos de alto nivel na función pública están altamente politizadas. Nos países dos Balcáns Occidentais, a policía (32 %) e os medios de comunicación social, incluíndo os xornais e os xornalistas (29 %), son as dúas institucións en que os cidadáns máis confiarían para lidar ou presentar queixas sobre casos de corrupción. Pouco máis de un de cada cinco (22 %) confiaría na xustiza (tribunais, tribunais ou ministerio público). Máis de un de cada dez inquiridos indicou que confiaría en institucións da UE (14 %), organizacións non gobernamentais (ONG) ou outras asociacións (13 %) ou no valedor do pobo estatal (12 %).

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Alemanno, Alberto, ed. 2025. *The Law and Governance of the EU Public Ethics System: An Institutional Perspective*. Cham, Switzerland: Palgrave Macmillan.
<https://doi.org/10.1007/978-3-031-80372-7>.

As cuestións centrais deste volume son as seguintes: Cales son as regras de ética e integridade para a UE? Como se comparan cos cadros de integridade existentes a nivel dos estados membros e doutras democracias? Como concibimos estas regras e garantimos a súa aplicación na UE? Como melloramos a aplicación das normas de integridade da UE? Pode un sistema de ética da UE contribuír a previr ou mitigar condutas non éticas na UE, mellorando así a súa lexitimidade democrática? Ao abordar estas cuestións, este volume fornece unha análise crítica do «cadro ético da UE» existente, contextualizándoo no contexto transnacional único que caracteriza a administración pública da UE e as súas diversas institucións.

González Martínez, José Antonio, ed. 2025. *Estrategias de seguridad y salud en el trabajo: Análisis de las estrategias europea, nacional y autonómicas*. Las Rozas: Aranzadi La Ley.

Un estudo sobre as políticas públicas de prevención de riscos profesionais a nivel comunitario, estatal e rexional, cunha abordaxe práctica e baseada na evidencia. Coa colaboración de especialistas de varias universidades, examina as estratexias específicas de cada comunidade autónoma e as políticas estatais e comunitaria. Aborda tamén os desafíos e as oportunidades na implementación destas políticas no contexto da transición ecolóxica e dixital, tornándose así unha guía esencial para profesionais e académicos na área da saúde e a seguranza no traballo.

Robles Carrillo, Margarita A. 2024. *Identidad digital: De la cooperación internacional a la normativa europea*. Las Rozas: Editorial Aranzadi.

Esta monografía analiza a identidade dixital como unha categoría xurídica, política e técnica extraordinariamente complexa debido á súa natureza interdisciplinar e ás súas funcións no ecosistema dixital. Unha vez explicado o discurso científico subxacente, analiza a cooperación nos planos universal, interrexional, rexional e comunitario, onde o Regulamento Europeo da Identidade Dixital foi recentemente aprobado.

Outras obras

Prieto, Catherine, e David Bosco. 2025. *Traité de droit européen de la concurrence*. Bruxelas: Bruylant.

A prohibición de acordos e abusos de posición dominante foi o fundamento histórico que permitiu, na construción da UE, a afirmación dunha cultura da concorrència decididamente centrada na protección do benestar colectivo. Quer se trate de acordos secretos, técnicas contractuais perniciosas, abusos a través de prácticas que exclúen concorrentes dignos, ou outras prácticas, esta lei acompaña os aumentos de prezos, a compartimentación territorial, as limitacións de produción, os declives na calidade e o abafamento da innovación. O control das concentracións, establecido en 1989, completou o edificio ao permitir un exame das reestruturacións susceptibles de dar orixe ao poder de mercado. A primeira parte desta obra presenta unha introdución xeral, desenvolvendo os principios históricos, económicos e xurídicos das políticas da concorrència, examinando, a seguir, os elementos fundamentais que son a noción de poder de mercado e a noción de empresa. A segunda parte é dedicada á lei das prácticas anticoncurrenciais (carteis e abuso de posición dominante) e á súa implementación nas esferas pública e privada. A terceira parte é dedicada ao control das concentracións, presentando as súas regras substantivas e de execución. A transversalidade de conceptos e modos de razoamento, que o Tribunal de Xustiza tende a identificar, é obxecto de particular atención.

Estermann, André, Marius Schrade, e Louise Anderson, eds. 2025. *European Electricity Market Coupling: A Practitioner's Guide*. Cham: Springer. <https://doi.org/10.1007/978-3-031-86315-8>. (Dispoñible en PDF de acceso aberto.)

Este libro ofrece unha visión xeral do Acoplamento do Mercado Europeo da Electricidade. Trazando a evolución dos esforzos da UE para crear un Mercado Interno da Enerxía, explora os aspectos técnicos e financeiros do Acoplamento Único para o Día Seguinte e Intradía, en paralelo coas políticas e regulamentos subxacentes. Os tópicos principais inclúen a estrutura e os principios do acoplamento do mercado, os papeis dos principais participantes no mercado, así como as oportunidades de expansión no futuro.

Ekman, Per, Björn Lundqvist, Anna Michalski, e Lars Oxelheim, eds. 2025. *The Depth and Size of the European Union in a Time of War: Interdisciplinary European Studies*. Cham: Springer. <https://doi.org/10.1007/978-3-031-83441-7>. (Dispoñible en PDF de acceso aberto.)

Este libro explora as implicacións da dimensión e profundidade da UE en tempo de guerra. A decisión da Rusia de invadir a Ucraína en 2022 recolocou a cuestión do alargamento da UE na axenda política e, unha vez máis, as implicacións dunha UE maior e máis diversificada pon en primeiro plano os principios chave da integración. Abordando estas cuestións, os especialistas en economía, dereito e ciencia política esclarecen os alargamentos anteriores da UE e a saída do Reino Unido da UE. Con base en resultados de inquéritos actualizados, fornecen avaliacións sucintas dos desafíos que a UE encara en áreas como a inmigración, a integración no mercado de traballo e a adaptación a tecnoloxías avanzadas. Para concluír, cada capítulo ofrece recomendacións políticas para os decisores políticos a nivel comunitario e estatal.